



CONCELLO DE BOQUEIXÓN  
(A CORUÑA)

Forte s/n - Boqueixón

Teléfono: 981- 51 30 52

Fax: 981- 51 30 00

C.I.F.: P-1501200-H

C. electr.: [correo@boqueixon.dicoruna.es](mailto:correo@boqueixon.dicoruna.es)

WEB: [www.boqueixon.com](http://www.boqueixon.com)

## DON ADOLFO GACIO VÁZQUEZ, ALCALDE DE BOQUEIXÓN (A CORUÑA)

### FAGO SABER:

Que a Consellería do Medio Rural e do Mar convoca **71 bolsas de prácticas** a través da ORDE do 13 de abril de 2012 (DOG. núm. 75 do 19 de abril de 2012),

**14 bolsas de formación de tecnólogos:** licenciatura en enoloxía, ciencias químicas, ciencia e tecnoloxía dos alimentos, enxeñeiros agrónomos, enxeñeiros técnicos agrícolas, enxeñeiros de montes e enxeñeiros técnicos forestais.

**14 bolsas de formación de persoal de apoio á investigación:** ciclo superior de industria alimentaria, ciclo medio de elaboración de viño e outras bebidas, ciclos formativos de grao medio ou superior de familia agraria, e ciclos formativos de grao medio ou superior de familia química.

**9 bolsas de prácticas:** estudantes do 2º curso ou titulados recentes da familia agraria e **6 bolsas de prácticas** para os alumnos do 1º curso dos ciclos da familia agraria.

**28 bolsas de prácticas en empresas e entidades relacionadas co sector agroforestal e alimentaria** para recentes titulados como enxeñeiros agrónomos, enxeñeiros técnicos agrícolas, enxeñeiros de montes, enxeñeiros técnicos forestais, licenciados en veterinaria, licenciados en ciencia e tecnoloxía e licenciados en bioloxía.

Tamén, poderán presentar solicitude para acoller algún bolseiro en período de prácticas as cooperativas agrarias e demás entidades recollidas no artigo 6 da Orde.


**As bolsas teñen carácter formativo**, e inclúen seguridade social e contía económica. **Duración das bolsas:** de 3 a 5 meses segundo tipo de bolsa a que se opte.

**PRAZO DE SOLICITUDE** tanto para os bolseiros como para as empresas interesadas será ata o **19 DE MAIO DE 2012**.

Os interesados poderán informarse na Orde de publicación e no **TELÉFONO** do Concello **981513061 (Formación e Emprego)**. Ademais, se vos axudará a preparar a documentación.

Boqueixón, 30 de abril de 2012

Adolfo Gacio Vázquez

  
alcalde

